

Bases do concurso

1ª

PARTICIPANTES, AUTORÍA Y ORIGINALIDAD DE LAS OBRAS

Poderán participar neste concurso todos os creadores audiovisuais **maiores de 18 anos** cumpridos a 31 de decembro de 2022, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten pezas orixinais, inéditas e en lingua galega.

A presentación dunha curtametraxe ao concurso implica necesariamente a aceptación íntegra e incondicional das bases descritas no presente documento.

Asimismo, os participantes garantirán:

- A autoría e a orixinalidade da obra presentada, así como que esta non se trata dunha copia, nin unha modificación total ou parcial de ningunha outra obra propia ou allea.
- O carácter inédito da obra presentada e da titularidade exclusiva da mesma.
- Que a obra non estea sometida a ningún outro concurso pendente de resolución.

2ª

REQUISITOS DAS CURTAMETRAXES A CONCURSO

2.1.- As curtametraxes presentadas poderán estar gravadas con calquera dispositivo de gravación: cámara de teléfono móbil, cámara fotográfica dixital, cámara de acción, tableta, vídeo cámara, etc. Podendo, si se desexa, editarse con ferramentas externas.

2.2.- As curtametraxes deberán ser orixinais. Cada curtametraxe presentada a concurso deberá ter título. No caso de que a curta non estea gravada en galego, deberá estar subtitulada nesta lingua.

2.3.- Deberán ter unha duración máxima de 10 minutos, incluídos os títulos de crédito se os houbera, e gravados na máxima resolución e calidade posíbeis. Os formatos de arquivo poden ser MOV, MPEG4, AVI, WMV, MPEGPS, FLV, 3GPP, WebM.

2.4.- Cada concursante pode presentar só unha curtametraxe e poderán presentarse traballos tanto de ficción como de animación.

3ª

TEMÁTICA DA CURTA

Nesta ocasión, e debido ao 25 aniversario da Federación Galega Alzheimer, a temática abordará “O alzhéimer e outras demencias”. O coñecemento e a desestigmatización é clave para informar á sociedade.

Terase en conta as temáticas relacionadas ca interxeracionalidade, co idadismo, con romper etiquetas ou con lembranzas de todo tipo que queiramos preservar.

4ª

INSCRICIÓN

4.1.- O prazo de inscrición comezará tras a publicación das bases na páxina web de **FAGAL**, <https://fagal.org/> e **rematará o 31 de xullo de 2023 ás 12h do mediodía**. Este prazo poderase modificar se a organización o estima oportuno.

4.2.- A inscrición efectuarase a través do correo electrónico comunicacion@fagal.org achegando o formulario de inscrición incluído ao final das bases e enviando a curtametraxe na mesma mensaxe. No caso de que a curta a presentar supere os 10 megas e non se desexe comprimir, esta deberá ser enviada directamente á organización do concurso a través de WeTransfer ou similar. Tamén se darán válidos os enlaces aos vídeos subidos na plataforma de YouTube.

4.3.- Se a curtametraxe foi realizada por varios autores, deberá figurar un deles na solicitude de inscrición e deberase indicar o nome, data de nacemento e DNI do resto de autores da curta no apartado de coautores.

Os participantes declararán aceptar o tratamento dos datos persoais necesarios para a xestión do concurso. A Organización non se responsabiliza das consecuencias derivadas deste feito, admitindo exclusivamente as inscricións realizadas a través do correo electrónico e reservándose o dereito de non admitir calquera obra que atente contra os dereitos e valores fundamentais das persoas. As obras presentaranse de forma dixital (online). So se pode presentar un traballo por autor.

5ª

XURADO E VOTACIÓN

O xurado, constituído ao efecto estará composto por un/unha representante da xunta directiva da Federación Alzheimer Galicia, por un/unha profesional do sector audiovisual, por un/unha representante do profesorado da Facultade das Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.

O veredicto do xurado darase a coñecer nas datas previas ao **21 de setembro, día Mundial do Alzheimer**. O xurado poderá decidir deixar algún dos premios desertos. O veredicto será inapelable.

6ª

PREMIO

A convocatoria contempla os seguintes premios:

- **Primeiro premio de 1500€**
- **Segundo premio de 500€**

7ª

CESIÓN DE DEREITOS E USO DAS OBRAS

7.1.- Os autores das obras ceden á Organización do concurso os dereitos de uso, reprodución, distribución e comunicación pública das curtametraxes dentro do marco xeral deste concurso, en calquera das súas edicións, así como para fines de publicidade ou promoción da mesma ou da Entidade, sempre co recoñecemento da súa condición de autor, excepto se a súa manifestación é en contra.

7.2.- Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co desenvolvemento do Concurso Neurometraxes non contemplada de forma expresa nestas bases, será resolta de acordo co criterio da organización. Así mesmo, a organización non se fai responsable da mala ou ningunha recepción dos materiais.

7.3.- As persoas participantes responsabilizaranse de que non existan dereitos sobre as súas obras. En concreto, os participantes garanten que as súas obras non infrinxen dereitos de propiedade intelectual, industrial, das persoas ou entidades que poidan ter realizado aportacións ás obras, nin dereitos de imaxe de terceiros que puideran aparecer nos vídeos.

En calquera caso, o participante garante que obtivo -previamente ao envío da curta- as autorizacións e consentimentos pertinentes neste sentido, non facéndose USO responsable dos danos infrinxidos a terceiros afectados, pola vulneración dos sinalados dereitos por parte do participante.

7.4.- A participación neste Concurso supón a aceptación plena das súas bases.

8ª

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais dos participantes no Concurso serán utilizados exclusivamente para a consecución dos fins previstos nestas bases legais, respectando en todo momento o recollido na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

TÍTULO DE LA OBRA

Datos:

- Pseudónimo do autor (a), se houbera.
- Nome completo do autor (a).
- Dirección do autor (a).
- Localidade de autor (a).
- Número de teléfono do autor (a).
- DNI do autor (a).
- Achegar copia do DNI, NIE ou pasaporte (scan ou fotocopia).
- Correo electrónico
- Breve descrición do contido da curta.